



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Concurso para a cobertura da praza de enxeñeiro técnico industrial, incluída na oferta de emprego público do Concello de Cambre do ano 2022, en proceso de estabilización de emprego temporal

Por resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos número 1545/2024 do 18 de decembro de 2024, resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Nomear a don Ignacio Fernández Díaz co D.N.I. ***344*** funcionario de carreira na praza de enxeñeiro técnico industrial, encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A2", de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Segundo.- Publicar a presente resolución de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e base décima das xerais que rexen o proceso selectivo (BOP nº 245 do 28/12/2022).

Terceiro.- O prazo para a toma de posesión do posto e acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordeamento xurídico, así como do compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións é dun mes contado a partir da publicación deste nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 60-d) e e) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e ca base décima das xerais que rexen o proceso selectivo (BOP nº 245 do 28/12/2022).

En Cambre a 18 de decembro de 2024

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos P.D. (Resolución nº 469/2024, do 12 de abril)

María Yolanda Díaz Baldomir

2024/9134